

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Cal dos seguintes termos se define como a deterioración e debilitación das funcións orgánicas que se producen por mor dunha enfermidade grave e prolongada:**

- A) Insolación.
- B) Consunción.
- C) Prea.
- D) Calaza.

**2. Cal dos seguintes adxectivos non está escrito de forma correcta?**

- A) Pertencente.
- B) Reciente.
- C) Conveniente.
- D) Frecuente.

**3. Indique a frase correcta:**

- A) A xogadora estorceu o nocello.
- B) A xogadora extorceu o nocello.
- C) A xogadora estorceu o tobillo.
- D) A xogadora extorceu o tobillo.

**4. Sinale a frase correcta:**

- A) Durante o xaxún gástanse as reservas de glucóxeno para obter enerxía.
- B) Durante o xaxún gástanse as reservas de glicóxeno para obter enerxía.
- C) Durante o xaxún gástanse as reservas de glicóxeno para obter enerxía.
- D) Durante o xaxuno gástanse as reservas de glicóxeno para obter enerxía.

**5. Sinale a frase correcta:**

- A) O quirófano é a sala onde se realizan as intervencións quirúrxicas.
- B) O quirófano é a sala onde se realizan as intervencións cirúrxicas.
- C) O quirófano é a sala onde se realizan as intervencións quirúrxicas.
- D) O quirófano é a sala onde se realizan as intervencións cirúrxicas.

**6. Indique a concordancia correcta:**

- A) A sal.
- B) O auga.
- C) A suor.
- D) A nariz.

**7. Cal dos seguintes termos se define como a placa córnea na que remata o extremo dos dedos dos vertebrados terrestres e que, segundo os casos, serve como defensa, apoio etc.**

- A) Uña.
- B) Unlla.
- C) Os termos das opcións a) e b) son correctos.
- D) Os termos das opcións a) e b) son incorrectos.

**8. Indique o termo incorrecto:**

- A) Dirección.
- B) Suxeición
- C) Inxeción.
- D) Reacción.

**9. Sinale o termo incorrecto:**

- A) Escaso.
- B) Éxtase.
- C) Extenso.
- D) Excavar.

**10. Indique o termo correcto:**

- A) Estirpar.
- B) Estraer.
- C) Estabular.
- D) Estinguir.

Preguntas de reserva

**1. Sinale o termo incorrecto:**

- A) Diretriz.
- B) Adxectivo.
- C) Lectivo.
- D) Corrector.

**2. Indique a concordancia correcta:**

- A) A equipaxe.
- B) O paisaxe.
- C) O viaxe.
- D) A garaxe.